



COLEGIO SAN JOSÉ DE

CLUNY

2º de ESO

Manual Informativo

EQUIPO DIRECTIVO

Sor M^a del Carmen Vázquez Crego

María Lavandeira Villar
M^a Esther Balboa Illodo

Directora Xeral e Coordinadora de Pastoral

Directora Pedagóxica
Xefa de Estudos

EQUIPO de TITORAS

M^a Dolores Lavandeira Villar

Titor de 2º A

M^a Pilar Taboada González

Titora de 2º B

HORARIOS DE ATENCIÓN

SECRETARÍA	ADMINISTRACIÓN	EQUIPO DIRECTIVO
MAÑÁ: LUNS A VENRES	MAÑÁ: LUNS A VENRES	PREVIA CITA
8:45 a 10:00	9:00 a 10:30	
12:30 a 13:30	12:30 a 13:30	
TARDE: LUNS A XOVES	TARDE: LUNS E XOVES	
16:30 a 17:30	16:30 a 17:30	
secretaria@clunysantiago.es	administracion@clunysantiago.es	direccion@clunysantiago.es
Todas as comunicacións deberán ser preferiblemente por teléfono ou co	981592540	Ou, no caso ineludible de ser presenciais, deberá respectar as nor-

Lema: "¡Camiña!

BOLETÍN DE NOTAS

1º AVALIACIÓN: 11 de decembro

2º AVALIACIÓN: 18 de marzo

3º AVALIACIÓN: 22 de xuño

*Os períodos de avaliación non coinciden cos períodos vacacionais.

DÍAS NON LECTIVOS E VACACIÓNS

Non lectivos	
Outubro	Xoves 12 (Hispanidade)
Decembro	Luns 7 (Día do Ensino)
	Martes 8 (Inmaculada)
Marzo	Xoves 19 (San Xosé)
Maio	Xoves 13 (Ascensión)
	Vernes 14 (escollido non lectivo)
	Luns 17 (Letras Galegas)

Vacacións	
Nadal	do 23 de decembro ao 7 de xaneiro (ambos inclusive)
Entroido	15, 16 e 17 de febreiro (Mércores de Cinza)
Semana Santa	do 29 de marzo ao 5 de abril (ambos inclusive)
Ultimo día de clase	22 de xuño

A decisión de promoción compete ao equipo de avaliación. Dita decisión adoptárase:

- ◆ No mes de xuño, para os alumnos que teñan todas as materias aprobadas.
- ◆ No mes de setembro, para os alumnos que teñan que presentarse á proba extraordinaria.

Repetición de curso

- ◆ O alumnado promocionará ó curso seguinte cando superase os obxectivos de todas as materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas como máximo, excepto si estas son matemáticas e unha das linguas cooficiais, e repetirá curso cando teña avaliación negativa en tres ou máis materias.
- ◆ O alumnado poderá repetir o mesmo curso unha soa vez e, con carácter xeral, dúas veces como máximo en toda a etapa. Excepcionalmente, o alumnado poderá repetir unha segunda vez o 4º curso se non repetise nos cursos anteriores.
- ◆ Se trala repetición o alumno non cumprira os requisitos para pasar ao curso seguinte, o equipo de avaliación, asesorado polo seminario de orientación, decidirá a promoción ao curso seguinte con medidas de reforzo.

Titulación de Graduado en E.S.O. (Alumnos de 4º E.S.O.)

- ◆ Para obter o título de Graduado en Educación Secundaria será preciso superar todas as materias e alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa.
- ◆ Así mesmo, poderá obter o dito título aquel alumnado que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, finalice a etapa con avaliación negativa nunha ou en dúas materias, sempre que estas non sexan matemáticas e unha das linguas cooficiais, e excepcionalmente en tres sempre que o equipo docente que imparte no grupo considere que a natureza e o peso destas no conxunto da etapa non lle impidiu alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa.
- ◆ Para efectos de titulación, computaranse como materias con avaliación negativa, tanto as suspensas do propio curso coma as de cursos anteriores.
- ◆ Así mesmo, é requisito indispensable para a obtención do título, que o alumno se presente ás probas de avaliación extraordinaria de setembro e que non exista un abandono manifesto das materias suspensas durante o curso.

RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

- O alumnado que promocione de curso sen ter superado todas as materias seguirá un **programa de reforzo** destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente ó devandito programa. **A avaliación do programa de reforzo será tida en conta para os efectos de cualificación das materias non superadas. Cada profesor/a desenvolverao no curso no que imparte docencia.**
- As convocatorias de exames de recuperación de materias pendentes serán as que seguen:
 - Unha en xaneiro, na semana do 8 ao 13 de xaneiro
 - Para os que non aproben en xaneiro, haberá unha segunda convocatoria na semana do 4 ao 8 de maio.
 - As materias pendentes que estean suspensas trala avaliación do curso actual en xuño, poderán recuperarse na convocatoria extraordinaria de setembro, nas datas que determine a Consellería de Educación.

NORMAS XERAIS DE CONVIVENCIA

Asistencia regular ás actividades docentes.

- Respectamos os horarios e os actos organizados para o desenvolvemento das diferentes actividades do centro.
 - **RETRASOS:**
Se chegamos con retraso rexístrase como retraso na plataforma. Os/as alumnos/as con tres retrasos nun período dun mes deberán vir unha tarde a traballar en horario non lectivo (xoves) Se volven a ter 3 retrasos pasará a resolución ao Equipo Directivo.
 - **AUSENCIAS:**
Xustificamos de antemán as nosas ausencias ou retrasos previstos utilizando preferentemente á plataforma informática, e se fose necesario, as tarxetas modelo do folleto que están en portería. As non previstas xustificámolas cunha chamada a recepción por parte das familias e do mesmo xeito que as anteriores á volta á clase.
- Para ausentamos do Centro durante a xornada lectiva, tamén enviaremos un xustificante a través da plataforma ou traeremos un xustificante por escrito. Ensinámosllo ao/á profesor/a correspondente e entregámolo ao saír por portería. A recepciónista encárgase de dárllelo aos/ás titores/as. A xustificación das ausencias deberá presentarse no prazo de una semana, e sempre antes dun mes a partires do día da falta.
- Se non nos presentamos aos exames farémolos nas datas fixadas polo centro para tal fin.

- Se non asistimos a unha actividade didáctica programada fóra do recinto escolar (no caso de que se puideran levar a cabo), temos o deber de permanecer no centro durante o horario lectivo. Cada profesor/a decidirá, en cada caso, o modo en que avaliará esa actividade.

☸ Cooperación nas actividades académicas ou convivenciais

• CLASES

Evitamos o ruído e a desorde nas aulas durante a clase e tamén nos intercambios. Así facilitamos o desenvolvemento do noso traballo cotián e dos demais.

Non saímos da aula durante os intercambios.

Se temos que acudir a outra aula para a seguinte sesión, esperamos o/a profesor/a.

O permiso para ausentarse darao o/a profesor/a que chega a dar a clase seguinte.

Tan pronto como o/a profesor/a entra na aula dispoñémonos rapidamente para comezar a clase.

Non comemos nas clases nin nos descansos.

Deixamos as salas que empregamos ben ordenadas.

Facemos os nosos desprazamentos polo colexio (corredores, escaleiras...) con orde, procurando camiñar con axilidade e falar baixo para non entorpecer o traballo doutros grupos.

• RECREO

Baixamos puntualmente ao recreo. Durante o recreo non podemos quedar nas clases nin polos corredores, unha vez no patio non poderemos subir ata que toque a campaiña.

Tanto no patio como no pavillón o alumnado estará nas súas áreas correspondentes sen misturarse con outros cursos.

Estamos atentos a chegar con tempo suficiente á clase á volta do recreo.

Empregamos as papeleiras do patio para depositar o lixo e contribuir así á limpeza e conservación do noso ambiente.

Se temos que acudir á recepción durante o recreo facémolo co permiso do profesor/a que está no patio nese momento.

Hixiene e protección fronte o Covid19:

- É obrigatorio o uso de máscara e deben os traer unha de reposto nun envase adecuado co noso nome.
- Importante reforzar desde a casa as normas básicas de hixiene e seguridade: non beber, non compartir obxectos, lavado de mans regular, evitar contacto físico cos demais, manter as distancias de seguridade e o correcto uso da máscara.
- Cada alumno debe traer 1 bote de xel hidroalcohólico para uso individual.
- Sempre que sexa posible, traerase só o material necesario para o propio día lectivo.
- Non usarem os as perchas. Colgarem os o abrigo e a mochila no respaldo da cadeira para facilitar a organización do material escolar.
- Antes de saír da casa deberem os facer unha valoración de síntomas do Covid: febre, tose, vómito, fatiga, dor muscular, falta de olfacto... Os nosos pais deberán firmar a **Declaración de Responsabilidade** pola que se comprometen a non traer o coleccionista ou con síntomas compatibles co Covid19.

Normas xerais

- En cumprimento da normativa legal vixente, non podemos fumar en todo o recinto colexial.
- Non podemos fotografar e/ou gravar imaxes e/ou sons durante o horario lectivo no recinto colexial sen autorización previa.
- Non podemos vir ao colexio a recoller ningún tipo de material despois da xornada escolar.
- Serem os leais e entregarem os con puntualidade o boletín de notas.
- Procuraremos manter unha conduta solidaria cos/coas compañeiros/as.
- **Utilizamos e respectamos o uniforme do colexio**, recordando que o seu uso identifícanos como membros da Comunidade educativa San José de Clunys:

O zapatos do uniforme son negros.

As chaquetas, chaquetóns, abrigos, impermeables e faldras, azul marino. Non se admite o tecido vaqueiro. O pantalón, para os nenos, de color gris.

O xerseí ou chaqueta, con pescozo de pico, leva bordado o escudo do Colexio. As medias, calcetíns, cintas, diademas, azul mariño ou branco.

O equipamento deportivo (chándal do colexio, camiseta, pantalón curto, calcetíns e deportivos brancos) utilízámolo só para as clases de Educación Física.

En situacións formais (aula, capela, salón de actos, visitas culturais, acto de clausura,...) sempre de uniforme, nunca en chándal a non ser que teñamos permiso expreso do profesorado. Nestas situacións non levamos a chaqueta ou xerseí na cintura.

En todo momento terem os coidado no aseo persoal (hixiene, uniforme e chándal limpos e en boas condicións).

Non utilizamos maquillaxe nin pintamos as uñas.

Corrección no trato social.

- Valoramos o respecto e a consideración por todas as persoas da comunidade educativa en todos os espazos do recinto escolar e durante as saídas que organiza o colexio.
- É de boa educación saudarnos; non podemos descoidar as normas básicas de cortésia.
- En todo momento seremos respectuosos con todas as persoas que compoñen a comunidade escolar e non teremos con elas actitudes de desconsideración.

- Coidamos a nosa linguaxe, evitando palabras ou expresións malsoantes, insultos e xestos ofensivos.
- Escoitamos con atención e actitude positiva a opinión dos demais, evitando calquera burla, comentario descortés ou xestos inapropiados.
- Manteremos unha actitude positiva ante os avisos, correccións e cumprimento das sancións.
- Coidamos as formas e actitudes dentro e fóra do recinto escolar.
- Nos desprazamentos fóra do centro:
 - A pé, respectamos os sinais de tráfico (semáforos e pasos de peóns) e cedemos o paso nas beirarrúas.
 - No autobús, entramos e saímos de un en un, viaxamos sentados e non comemos nin bebemos durante o traxecto.

— **Respecto debido dos bens propios e alleos.**

- Respectamos os locais de uso escolar (aulas, laboratorio...) e coidamos os materiais que están a disposición de todos nós.
- Non é conveniente traer ao Centro obxectos de valor. O Centro non se responsabiliza dos mesmos.
- Ao colexio non poderemos traer teléfonos móbiles, nin reprodutores de música. No caso de traelos por necesidade é obrigatorio que estean apagados e gardados na mochila ata a saída.
- En caso de desperfecto intencionado ou por negligencia, deberemos, segundo o caso, limpalo, reparalo ou facemos cargo do seu custo. Non podemos escribir nin pegar nada nos pupitres.
- Ao final da xomada, as clases deben quedar limpas e ordenadas, o encerado borrado, as cadeiras sobre os pupitres e as luces apagadas, para facilitar o traballo ás empregadas da limpeza.
- Para evitar o risco de caídas e lesións, e evitar o seu deterioro, non movemos o material que hai no polideportivo nin xogamos con el.
- As ventás non as podemos utilizar para asomarnos á rúa ou ao patio, nin para tirar obxectos por elas.
- Deixamos limpos os servizos, e non usamos o papel hixiénico como pano, nin para limpar zapatos, pupitres, chan ...

O Plan de Convivencia de Centro está a disposición das familias e de toda aquela persoa que desexe consultalo. Nel se recollen tanto as medidas preventivas como as reeducativas/sancións xurdidas

EQUIPO de PROFESORAS/

FÍSICA E QUÍMICA	María Castela Taboada
XEOGRAFÍA E HISTORIA	Rosa M. Casheda Barreiro
E.F.	Francisco Vega Martínez
MÚSICA	Antonio Cerviño Loira
LINGUA GALEGA	S. M ^a Carmen Vázquez Crego (A) M ^a Esther Balboa Illodo (B)
LINGUA CASTELÁ	M ^a Dolores Lavandeira Villar
INGLES	Pilar Taboada González
FRANCES	Luz García Garrido
MATEMÁTICAS	Manuel Cabaleiro Calveiro (B) María A. Carro Mahía (A)
TECNOLOXÍA	Sandra Serramito Calo
RELIXIÓN	Marcial Fernández Romero

INFORMACIÓNS VARIAS

OBXECTIVO DO CURSO: CAMIÑA!!

Xesis percorre o camiño da vida con nós.
Cristo impúlsanos e invítanos a camiñar.
O Camiño de Santiago. Ano Santo.



ANO DE ORACIÓN

Invitámoslos a unirse a nós neste momento no que as Irmás de San José de Cluny de todo o mundo comencan un «Ano de Oración» especial pola canonización da Beata Ana María Javouhey. No momento da súa beatificación, en 1950, o Papa Pío XII a describiu como a «primeira muller misioneira». É comunmente chamada «unha gran misioneira» e «unha liberadora de escravos», e foi incorporada na «Ruta da Abolição da Escravitude» que forma parte do Proxecto Internacional «La Ruta del Esclavo», apoiado polas Nacións Unidas e a Unesco.

COR UNUM, ANIMA UNA

**PARA MÁIS
INFORMACIÓN
PREMA AQUI:**



[Historia de Ana Maria Javouhey](#)

[Ruta da Abolição da escravitude](#)